



PROPOSTA DE BASES DO CONCURSO

ESCAPARATES DE NADAL 2022

1. *Requisitos:* Poderán participar todos aqueles establecementos comerciais ou hostaleiros situados na localidade de Melide, independentemente do produto que oferten ao consumidor.
2. *Tema:* A decoración do escaparate ou do establecemento deberá gardar relación con motivos e ambiente de nadal, valorizándose fundamentalmente os seguintes factores:
 - Orixinalidade
 - Montaxe
 - Estética
 - Creatividade
 - Ambientación de nadal

No caso de que se incorpore algún texto, este estará en galego.

3. *Período de exhibición:* Os escaparates deberán estar decorados, polo menos, desde o 12 de decembro de 2022 até o 6 de xaneiro do 2022.
4. *Presentación de solicitudes:* Os establecementos interesados en participar deberán inscribirse na Concellería de Promoción Económica e Facenda no seguinte correo electrónico: promocioneconomica@concellodemelide.gal do Concello de Melide desde o día da recepción da carta até o 9 de decembro do 2022.
5. *Premio:* O premio outorgado será o seguinte:

ESCAPARATES 2022
1º Premio: 1.000 €
2º Premio: 500 €
3º Premio: 250 €

6. *Xurado:* Os membros do xurado, en número impar, serán designados polo Concelleiro de Promoción Económica e Facenda do Concello de Melide. O



premio outorgarase por maioría de votos. O xurado poderá eliminar por defecto os concursantes que non se axusten ao disposto nas bases e a decisión será inapelábel.

7. *Decisión do xurado:* A decisión do xurado será público e terá lugar o luns, 9 de xaneiro de 2023, ás 12:00 h, no Salón de Plenos da Casa do Concello.



ANEXO

SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN

Nome e
apelidos: _____

NIF: _____ En calidade de

Nome do establecemento: _____

Enderezo do
establecemento: _____

Teléfono fixo: _____ Teléfono
móbil: _____

E-
mail: _____

Dedicado a _____ :

DECLARO: Que son certos cantos datos figuran na presente solicitude, que coñezo as normas, cumpro os requisitos e acepto as bases reguladoras do concurso.

SOLICITO: Participar no *Concurso de Escaparates de Nadal* en establecementos comerciais organizado polo Concello de Melide.

De acordo co disposto na Lei Orgánica 3/2018 de Protección de Datos de Carácter Persoal e Garantía dos Dereitos Dixitais, informámolo/a de que os datos facilitados serán tratados pola Entidade Local coa finalidade de poder atender a súa solicitude. Os devanditos datos serán tratados de xeito confidencial, e só poderán ser cedidos, nos casos contemplados na Lei. Comunicámoslle que pode exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación ó tratamento e portabilidade dos seus datos, usando o procedemento de Exercicio de Dereitos da Sede Electrónica.

Melide, _____, de _____ de 2021

Sinatura: